


O ANTRÓIDO



Por cinco perros ó mes
tés ANTROIDO tod o 'ano,
e sin sair d' a lareira
á calquera mamarracho

que, con disfraz fai un home
e sin él é un estropaxo,
lle sacarás a carántula.....
si afroxas antes os cartos.

TRANGALLADA PRA TODOL-OS XUEVES DE TODOL-AS SEMÁS DE TODOL-OS ANOS.—AMEN

Siñor direutor d' O ANTRÓIDO

Sonsa 26 de Xaneiro de 1887.

Meu compadre e parente, pol-os abellós:

Fólgome de que vostede é mail' a compañía non
teñan mala novedá. Por acó inda ben, soasmemente que
fai uns días qu' ando eibado d' o xuncras d'o frato, e
por mais unto vello que lle arrimo soméllame que vai
de peor. Coladas d' as mocedás que andan n-o lombo
d' os anos; e xa un non morra.

Ademirado quedei, abofellas, co-a leutura d' os pá-
rrafos que me trouxo ó últemo número d' o seu AN-
TRÓIDO, escomenzando pol-o pirmeiro, qu' se titula
"Males d' a emigración" e rematando pol-o derradeiro
que copea outro d' o semanario doente, (Dios m'o
perdoe) *Las Mariñas*.

Penso contestal-o pirmeiro cando esté esgabexado
de todo. Pasarei por riba d' os contos algo demais co-
lorados que lle siguen, pra enfuciñar n-o que respeuta
os arrotos d'o semanario dito falando d'o baile d'o
"Liceo".

Fagamos unha cuspiñada, e vamos ó eito.

Pirmeiramente: tod' home ben educado, sea aris-
tócrata ou democrática, ou mesmo Xudas parido, cando
se chega á unha sñora ou sñorita, xa sea n'un baile,
de máscaras ou non, xa sea n'un treto por más qu'
o telon esté corrido, faino o-o sombreiro n-a man e sin
cobrirse mentras parola co-ela.

Pódes esquenecer este preceuto co-as enmascaradas,
porque d' estoncas non se trata d' a personalidá d' a
tapada, senón d'o desfraz. Mais si a tapada ou tapa-
das se dan á conocer privadamente, quedan n-o mes-
mo caso que si estivesen descubertas, pr' o qu' as
conoce.

E si o tal preceuto é xeneral, e conserva a sua
forza e vigor dende os nosos abós, e qu' a natural ga-
lantería repuna derrogar, sónto mais non debe cesar-
varse n'un baile de sociedá?

Esas non son "medas de Betanzos", miña xoya,
son lexes xa moi vellas que venen rexindo d' escant-
xel en todol-os países civilizados. O contrario, so-

lasmentes pode ser desculpado n'un carrexon d' os
sacos.

Pro ainda hay mais. O decir, que si o mozo estaba
coberto n-o dito baile conversando con unha sñorita,
era porque non se beilaba o aristocrático rigodon n'
aquele baile de botón flaco, é verdadeiramente fatuo.
E un insulto embozado qu' o seu autor lanza sobre
as persoas qu' asisten os bailes d' o Liceo. Custión
vella en poblaçóns pequenos, pro qu' é moy conve-
niente o ventilar.

Priscidindo xa de que n-os bailes de trangallada
púbrica d' ese mesmo Madril que se cita bélase o ri-
gordon, baile de vellos e de sñoras xa canas, correreime
pol-o fondo ruín qu' a frase asconde. En xunto; quixo
dicil-o autor de tal ornéo, que n-o Liceo beila a xente
de pouco mais ou menos, á plebe verbi gratia, e que
por tanto non merece que co-ela se prautiqu' o pre-
ceuto de boa críanza espicado. E que n-o Circo beila
a xente decente, a aristocracia, poño por caso.

Vamos á contas, e supriço a gracia d' o meu com-
padre e parente pol-os abellós, si son molesto.

Certamente que si s' asoma o peteiro pol-a porta
d'o salon d'o Circo un dia de baile, nótase, pol-o
pronto certo cheiro qu' a moitas agrada, pro qu' eu
fuxo d' él como d' os deños, por estar afieito ó aire
d' aldea. Este defecto, producido pol-a falta de venti-
lacion d'o local, é levadeiro mentres se recrea a vista
n-a aquél maravilloso raminete de nenas hermosas
e garridas todas elas. Pro xuro, que por molto que
teño alertado dende d' a porta dita, nunca pescudei
blason algun qu' as distinguese d'as non menos en-
cantadoras e feiticeiras que fan as delicias d'o baile
d' o Liceo.

As unhas, com' as outras, levan por timbres
n-as traseiras d' os seus cochos, quen unha vara de
medir cruzada c' unha tixáira, sobre fondo de so-
monte; quen un tinteiros de corno c'unha pluma de
ganso atravesada, sobre fondo de papel sellado; quen
unha penreira e unha roca, sobre d' o lombo d' un porco;
quén unha lavativa e un almirés sobre fondo d'

O ANTROIDO

amargosas bágoas; quén unha alcuza de aceite c'unha vela de sebo sobre fondo de pimento; quén.....

Si os abós resocitasen, e tal visen, chorarian de gozo ó mirar com' o sol d' a libertade habia vivificado tanto ingrato piollo.

Queda probado que respeuto de *alcúrnias* por ahí nos vamos todos.

Supoño agora que o siñor orneador non se refiriu á aristocracia d' o diñeiro; porque estoncés podría ocupar unha butaca d' o *aristocrático Circo*, con mellor direito quizaes qu' o orneante, algun cortador, muy honrado por certo, que eu conozco.

¿E de modales á custión?

Xuro n-o meu ánemo qu' entro n' esta materia contra miña voluntade. Pro temos que defendernos cando tan malévolamente se esparexan certas reticencias que poden facultar a un forasteiro, por elas engañado, pra tomarse libertades que, si n-o *Circo* parescerian extráñas, moito mais ó serian n-o *Liceo*.

Razon ó canto.

En ningunha sociedade de recreo, e deixémonos de aristocracias e democracias, pois, como queda indíeado, todos somos labradores e veciños, en ningunha sociedade d' esa crase está adimitido qu' os beilarís yan alquilados pra beilar toda á noite c'unha sola xo-yan. Dende o mesmo punto qu' eso socede, ese baile deixa de ter as condicíos qu' a decencia exixe; e moi to mais, cando esas mesmas parexiñas agarimanse n-o curro d' un sofá nos intermedios, co-as caras pegadiñas com-a rulos, todo á vista, cencia e pacencia d' as mamás, d' os papás e d' o presidente d'a sociedade que consinte que se ll' espeten esas marmotas ás señoras e esos gorros ós caballeros, sin respeuto ó lugar que se occupa. Esto ten pasado, e por tradición sigue pasando, n-a sociedade *Tertulia Circo* de Betanzos.

N-o *Liceo Recreativo* non se ven esas cousas. ¿Onde está, pois, a decencia?

Non hay qu'enfadarse. As verdás non s' alcontran n-o perol de doña Quiteria: amargan sempre. Cerren os ollos e tráguenas, si é que lle queren poñer remedio á un mal que xa vai sendo vello e case case incurable. Destingámmonos n-hourakoa, pro pol-aducacion nada mais; porqu' aquel qu' o tén, ben o come.

Meu compadre e parente, pol-os abellós: xa sei que fun moi pesado, pro tamen sei que todo m' o perdoa; porque sabe qu' os seus deseos son pra min leises, que me farán sempre baixal-o lombo, pr' o que poida servilo. com' é a miña voluntade.

Tróquelle pront' o nome ó *Antroido*, que ben o merece. E mande.

Seu compadre e parente pol-os abellós,

ABELLÓN.

CARTA D' OUTRO MUNDO.

N-os Infernos, á 26 de Xaneiro d'o ano 5887 d'o reinado de Lusbel.

Men amigo Barolo: Collo a pruma, molca en pez ardendo e escriboche n'un papel que por enxa-lidá topei aquí pra darche noticias miñas.

Xa che oyo dicir todo admirador:—¿Cómo! ¡Inocente n-os Infernos!

Sí, amigo meu; aquí estou como tiña que soceder, en cumplemento de certos principios sentados pol-a vosa amantísima nai a Irexia; principios qu' ainda están en pé, por más qu' a civilizacion, que despexa todolos camíños, xa deberá franquear un poco mais o d' o Céo.

Ben sabes, amigo Bartolo, que sin ser o que se chama un fanático, cumpria c-os deberes qu' os cregios me imponían. Bon pai de familia, honrado, traballador, caritativo, nunca o diñeiro alleo se me pegara ás mans á pes r de ser español e non tiña unha falta que botarme n-a cara. A enfermedá de que morrin, tí ben a sabes, era d' esas que producen os mais grandes doores. Sufrina con pacencia, pro xa ben confesado e ben comulgado (como quen di, ben comido e ben bebido), o door fixome dicir unha palabrota d' esas qu' están condanadas pol-a relixion que profesades a maoria d'os españoles; con intervencion d'o goberno e detrimento d'o bolso.

¡Quén tal dixo! O demo qu' estaba ós pés d'a miña cama tirándose d'os cornos doente porqu' eu salvábamme, frotouse as mans de contento e sonrrieuse como quen di: este xa caeu.

E así foi. Dende estoncés lle pertenecin en corpo e y-alma. ¡Cousas d'a relixon! Si eu fora mudo á estas horas estou n-o céo.

Un momento dempois d' haber esboirado aquela palabrota, estaba de viax entre media ducia de demos bermellos e negros que me levaron ás reborcalladas hasta dar n-as caldeiras de Pedro Boteiro que, como sabrés, están n-o interior d'a terra pol-o d' agora e mentras a cencia non lle suba os alquileres.

Chegamos, e receiveunos un demo moi feo, quen nos fixo os honores d'a casa, porque non quita o ser demo pra ser cortés, e que dempois d' espetarme un tenedor salvo á parte, votoume n-a segunda caldeira.

Ay, meu amigo, qué baño! Cain n-un mar d' aceite fervendo; pro éramos tantos os qu' ali estábamos qu' antes de que me cedesen o meu sitio, apabullei un obispo, qu' alá cando estaba n-a terra había feito e desfeito moitos conventos de monxas. Pedinlle perdon e contestoume c-un bellisco que me fixo unha roncha. Eu non me queixei, porqu' aquel door era un confite á veira d'o que me preducia o aceite fervendo.

Eu creo qu' á forza de millous de sigros acostumbrámonos á vivir aquí, porque já qué non s' afai o home?

O mais doente pra nos e qu' os demos nos tran noticias d'o céo. Por certo que me chocou bastante o qu' un demo me dixo n-outronte. ¡Acórdaste de don Lucas, aquel usureiro veciño noso qu' había roubado á toda clás de persoas, e que matou de fame ós seus fillos e envenenou á sua muller? Pois estache n-o céo. A hora d'a morte fixo unha boa confeson, e agora anda paseándose con ánxeles e serafís pol-as nubes. Fai tí comparaciós entr' él e eu, e dime si non me fora mellor facer o que don Lucas e poñerme a honradez por monteira, gardando o arripintemento pra a hora d'a morte.

Volvendo ás cousas d' aqui, direiche que com' hay moitos ministros d'o Señor, ármase cada batalla que parés qu' a caldeira se ven á baixo. Protestantes, xudíos, mouroa, católicos, budhistas, etc., tiranse á

O ANTRÓPO

esta canto atopan á man. Todos queren té razon; todos son os verdadeiros, os lixítimos.

Aquí témos tamen as nosas manifestaciós. Agora matase de facer unha solicitude á S. M. Satanás primeiramente... e últimamente, pidindolle que nos leve á caldeira onde morrem as monxes, porque, como din algunos curas que firon cabecillas, esta vida maldita o chiste que tén: mis sacristás son os encargados de recoller firmas.

Onte falei c-un probe por quen n-a terra están dindo misas á barullo, creendo que s' atopa n-o purgatorio. Porqu' o qu'él di, ese diafano estivera mellor empreyado en preitos ou en petroleo.

Preparamos unha gran soledade pr' o dia en que vena o cura Santa Cruz, á quien agardan moitos coñexos seus. ¡Qué dia pr' os católicos!

Poi-o demais, e salvo o chamusqueo e os belliscos das tenazas, vámol-andando. Ainda teño que dar gradas porque non me mandaron ó purgatorio, d' onde, como non teño cartos, non salia nunca.

Acaba de chegar un condanado que, com' eu, naceu con mala estrela. Doull' a corazoada de meterse a salvar dous nenos que s' estaban afogando, e pereceu co-éles n-a demanda. Esto pouco era, pro que non morrer sin confesión? Aquí está o busilis. O caritativo salvador, así com' o maor d' os nenos que tiña xa sete anos, chegaron ó Inferno. O outro neno, como non tiña mais que cinco anos, non se condonou, e foi ó Inferno. Si á sua nai se lle ocurriu parilo dous anos antes non fuxo él d' o chamusco.

D' estos casos hay aquí á millions. Pro vexo qu' a pruma se me vai queimando n-a tinta, e así outro dia m' espricarei mais, concruindo hoxe por encargarche moito que cando vayas á morrer non te esquenzas de facer unha boa confesión.

Sin outro particular, teu amigo.

MALES D' A EMIGRACION.

(Historia d' actualidade)

II.

Arrombada a roupa y-os papeles pro viaxe, non lle faltaba mais que darlle a despedida á dona d' o seu corazón. Dous días antes de sair pr' o porto, yá tempo qu' o sol iba agachándose detrás d' os montes, tomou o camiño en dirección á casa de Rosa que xa o agardaba. Chegou, mirouna coa duzura e non se astreveu a dicirlle palabra.

Ela sabia o ouxeto d' a visita e tampouco á vés cascarexou n-a sua gorxa temendo descubrir a afriación que sentia; mais ó cabo, rompendo o silencio, dixolle:

—Algo che pasa, Mingos, cando vés tan triste; ti que soilo risas tiñas para miñ... .

—É verdade, Rosiña; hastra fai pouco tempo, verte e sentir alegria afervellocarme n-a sangre, todo era un...

—Y-agora por qué non?

—Agora!...

Mingos non pudo seguir

—No me negues o que pensas.

—Ay, pran tiña adourada, ben quixeram pro xa que me mandaste!...

—Eso é, mandocho y-obedececes—insistiu con voz malsegura

—Pois sea—continuou o rapás—mais dinantes quero que me prometas non afrixirte.

—Bén, acaba d' unha vés.

Non te apures, que nunca é tarde pra sofrir; eu levo pena do moito istis días cavilando en que non te de ver por algun tempo.

—Inda atinas n-aquelol...—respondeu colléndolle a man é mirándoo con tenrura coma si quixese apartar un pensamento d' a sua cabeza—¡inda pensas deixar o eido por ir á terras de fora? non, meu amante, non-o fagas, eiqui naceron os nosos pais, eiqui nacemos nós, y-eiqui debemos morrer; estes sitios que viven os nosos amores, onde pasamos horas tan risofias, xa non che agradan, queres trocalo por outro que non sabes como é; queres fuxir... e deixarme soila!...

Rosiña qu' hastra estonces pasara mil engustias pra conterse, rompeu a chorar, mentras Mingos co-as bágoas n-os ollos, respondielle:

—Non chores, meu sol, si me estimas; non te entregues ó sentimento si en algo apareces a miña vida qu' é toda tua; marcharei, mais e pra que á volta poida levarte a eirexa e chamarte dempois miña muller; n-aldea nunca xuntarei cartos pr' a casaña, ti ben vés que non-os hay, ¿perdóbasme que me vaya?

Unha mirada de cariño e pesar foi a remposta.

—Fala, meu regalo; qu' os teus beizos digan que si; y-anque as estranías topen agarimo n-a miña y-alma cando esté lonxe d' a tua veira, ó ménos terei o consolo de que non me gardas xenreira.

A moza sospirou.

—Dimo—insistiu o rapás bicandoll' a man que tiña antreas suas—pol-a Virxe d' o Cárme ch' o pido.

—Qué desexas de min, si miro que cantas pormesas me tiñas feitas van a trocarse en fume? non che basta o que padezo? ¡inda pertendes que manifeste que estou contenta con que te vayas e me deixes!... Por Dios non m-o repitas... ti eres libre, e si nada che importa unha muller que tivo a disgracia de crérte fai o que queiras.

—Moito me afrixes, pro xa non tén remédeo; pasado mañan sai o barco, adios miña rulíña; eu non tes' esquencerei mentras viva; irá sempre a tua imaxe n-o meu corazón pra que me dea alento n-os traballos, e legria n-os pesares ¡adios!... qu' o ceo te garde.

E mirándaoa tenramente soparouse d' ela sin escoitar remposta.

Rosa quedou coma unha estanta, sin té ránemos pra chamarlo, hastra que se perdeu n-as revoltas d' o camiño.

(Concluirá.)

COMPARSAS E TRANGALLADAS

Diego Corrientes, a Loba, Melgares e demás familia non foron ladróns; foron hacendistas.

Si éles houberan tido esperanza de chegar algun dia á mañexar ó diñeiro d' o país, ben seguro que non honberan andado á que salta por trampas e barrancas, espertos á querbar pol-a noz d' o pescoco, sinón que cando tiveran a cobizada carteira colllerian troitas á bragas enxutas.

Que lles facía falla diñeiro porque gastaban mais d' o que debían, bó remedio: facer unha recolleita d' a moeda vella de prata e ouro que tivera, por exemplo, 0'075 de ley e volvélala á acuñar aumentándolle a mera, c-o pretesto de facilitar as transacions d' o comerce exterior.

Pol-o que se vai vende a economía política redidous-

O ANTRÓIDO.

se á mandar que "tanto capital que tén un cibdadano calquera en tales ou cales moédas, quede redocido ás tres coartas partes", si non atopa ocasión de canxealo á tempo ou emprealo en tabaco ou papel sellado.

Xa o sabedes: dende o dia 10 de Marzo próximo o que teña 20.000 reás en pesos duros, si se descoida, non tén mais que 15.000; conqu' así dádeme a diferenzia, qu' eu m' as arregrarei c-o Estado.

Co-a moéda de cobre ou bronce acuñada antes d'o ano 68 tamen reza o Real-dacreto, pro esta si ben é nacesario unificala, tampouco se perde n-élo pois cada 20 reás d'a vella pesa 24 ou 26 en cás grandes ou pequenos.

N-este momento teño á vista unha solicitude firmada por 146 prencipáes contribuentes de Betanzos pidindo o restablecemento d'o tribunal d'a Inquisición.

Non hay qu' asustarse, amabres suscritores d' O ANTRÓIDO; leva a fecha d' o ano 1814, vai dirixida á Fernando o Deseado, aquél d'a nariz longa á forza d' estirala pra oler a sangre d' os liberales, e ven inserida n-un número d' a *Estafeta de Santiago*, preódeo que debeu ser abó d' outro que todos conocemos.

Busquei n-aquela instancia un apellido,
e viña retrocado ou s' esquencera;
eu lia ou solfeaba, Q D si do,
e esquierbiran n-a lista: Q D se da.

A certa farmacia d' esta poblacion levaron algun viño de Valdeorras, comprado n-un establecemento que non se cita, pra analizalo, resultando d'o análisis qu' non era tal viño sinón unha composición d'as que fan os tintoreiros, item mais, un pouco d' alcohol pra darlle forza.

Como a saude púbrica non val un pitillo pra os axotistas, ás autoridáis locales corresponde velar por ela; e á este fin o señor alcalde debia dispoñer o reconocemento d'os viños que se venden n-o pobo, imponiendo correutivos á aquellas persoas que por encher a ucha non teñen ropar en envenenar pouco á pouco ós consumidores.

Que si alguien lle chama viño,
será por dicir: chegou
Riveiro, sin ser d'o Miño;
Castilla, por un camiño
qu' á Castilla non cruzou.

Por fin e como era d' esperar, ó paso que sempre levan, un coche atropellou n-a Ponte-Vella..... nada mais qu' un farol, por hoxe, qu' outro dia será un neno ou unha persoa maor.

Un xuxeto qu' iba n-o interior d-o vihiculo vetouse precisado á deterse tod' o tempo qu' a autoridá, en uso d' as suas atribucións, creu nacesario pra pidir a responsabilidade á quien a tivera, á pesar d' a *inmunidade* d' o tal señor, que por certo tivo arranques de moitos fumes e antr' eles o de pagar 80 reás impostos de multa ó condutor d' o coche pol-o desperfecto.

¡Bén pol-o señor alcalde, e bravo pol-o viaxeiro xumboso!

Dinnos, sin que poidamos afirmal-a noticia, que tres inxenos d' esta localidá puxeron en apertura os seus maxis co-ánemo de facer un *despropósito* pr' o antroido (non o preódeo).

Según noticias está bastante adiantad' o traballo, y-eso qu' alguns d' ellos son bastante perguiceiros; pro así e todo, é seguro qu' o dia d'a cinza estrenarase con éusito e proporcionarálle unha boa entrada á sociadá *Liceo Recreativo* que logrará este animado como nunca o baile d' aquela noite.

Temos entendido qu' antusiasta sociedá d'o *Liceo*, sin roparar en gastos, pensa facer ó noso tocayo o antroido un manílico enterro, en canto papexe o derradeiro ay, e se lle vaya co-él o último folgo.

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

Soportás d'o Campo, 7

TEODORO D'O CAMPO

—Segunda Calexa.—

UNHA GRAN PARTIDA DE VIÑO NOVO

DE TORO, SUPERIOR

á 6 cadelas pequenas neto

—e por maór á 36 reás a cántara.—

Valdeorras á real.



XESOALDO SEOANE

Sucesor de Farruco Peres.—Ruátravesa.

Señoras e señores, nenos, nenas, os que queiran calzado bó e xelioso qu' hastra n-o andar á un coxo fai garbosos faise aquí por millares ou docenas.

A barato e primor ninguen lle gana e á fino cando vai tomar medidas, e as qu' as toma unha ves, agradecidas son pra vitam eternam parroquianas.

J. FRANCO FOTÓGRAFO, LA REALI

Retratos á real! Alá vou eu á que saque a fisoneira d'o rostro d'a miña cara ou carantoña!